

GUÍA DAS FAMILIAS

Funcionamento do IES Praia Barraña

Autor: IES PRAIA BARRAÑA

I.E.S. PRAIA BARRAÑA





Contidos desta Guía de Familias

A. HORARIO, ENSEÑANZAS E ALUMNADO.....	4
1. Cal é o horario lectivo do Centro e de atención ao público?	4
2. Que ensinanzas poden cursar os meus fillos/as no IES Praia Barraña?	4
3. Cantos agrupamentos e con canto alumnado conta o Centro?.....	4
B. MATRÍCULA E RECLAMACIÓN.....	5
4. Como podo matricular os meus fillos/as no IES Praia Barraña?	5
5. Cando podo matricular aos meus fillos/as no IES Praia Barraña?.....	6
6. De que maneira e que documentación debo entregar cando faga efectiva a matrícula dos meus fillos/as no IES? ..	6
7. No momento da matrícula estou obrigado/a a manifestar se estou separado/a ou divorciado/a?	7
8. Podo, en caso de desconformidade, reclamar unha nota obtida polos meus fillos/as?	7
9. En caso de solicitala, podo obter copia dalgún exame feito polos meus fillos/as?	7
C. OFERTA DE ACTIVIDADES NO IES.....	8
10. Que outras actividades, ademais das lectivas, oferta o Centro ao alumnado?	8
11. Como podo informarme sobre as actividades do IES e o funcionamento do Centro en xeral?	9
12. Podo participar na vida do Centro? Como podo facelo?	10
13. Que é o Espazo Familias Boiro?	11
D. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	11
14. Poden empregar os meus fillos e fillas o servizo de transporte escolar?	11
15. Existe servizo de comedor para o alumnado os martes?.....	12
E. LIBROS DE TEXTO.....	12
16. Teñen dereito os meus fillos á gratuidade dos libros de texto?	12
17. Como fago a solicitude dos libros de texto e das axudas para material escolar?.....	12
18. Cando lle entregará o Centro os libros aos meus fillos?	13
18. Cando deben devolver os libros de texto os meus fillos?	13
19. Podo perder o dereito á gratuidade dos libros de texto?	14
20. Podo facer doazón de libros de texto mercadas aos meus fillos/as ao Centro?	14
F. DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS.....	15
21. Cales son os dereitos e deberes do alumnado e das familias?	15



22. Poden os meus fillos/as saír do Centro nos períodos de lecer?.....	15
G. COMUNICACIÓN CO PROFESORADO.....	15
23. Como fago para solicitar unha cita co profesorado ou co titor/a da meu fillo/a?.....	15
H. FALTAS DE ASISTENCIA DO ALUMNADO.....	16
24. Como fago para xustificar as faltas de asistencia dos meus fillos?	16
I. SUXESTIÓNS E QUEIXAS.....	17
25. Como podo facer unha suxestión ou presentar unha queixa?	17
K. BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO. CONVOCATORIAS.....	17
26. Existen bolsas e axudas ao estudo ás que poden acceder os meus fillos/as?	17
27. Informárame o IES das convocatorias de interese para os meus fillos/as?	17
L. LIGAZÓNS DE INTERESE.....	19



A. HORARIO, ENSEÑANZAS E ALUMNADO.

1. Cal é o horario lectivo do Centro e de atención ao público?

O horario lectivo do IES Praia Barraña é o seguinte:

- **Luns, mércores, xoves e venres:** 08:30 h a 14:10 h.
- **Martes:** 08:30 h a 14:10 h. e horario de tarde entre as 16:15 h e as 17:55 h.
- **Períodos de lecer (recreos):** 10:10 h a 10:30 h e 12:10 h a 12:30 h.

O horario de atención ao público do IES é o seguinte:

- **Secretaría:** 09:00 h a 14:00 h

2. Que ensinanzas poden cursar os meus fillos/as no IES Praia Barraña?

O IES Praia Barraña ofrece ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato en tódalas súas modalidades, incluída a de Artes. De feito é o único IES da contorna no que o alumnado matriculado pode estudar o **Bacharelato de Artes**, tanto na súa dimensión de Artes Plásticas como na de Artes visuais e Escénicas.

Asemade, tamén conta cunha **Aula de Educación Especial** onde están escolarizados alumnos con capacidades diversas que reciben unha educación inclusiva.

3. Cantos agrupamentos e con canto alumnado conta o Centro?

O número de grupos autorizados pola Administración é de dezasete, distribuídos da seguinte maneira:

- a) **1º ESO:** 2 grupos.
- b) **2º ESO:** 2 grupos.



- c) **3º ESO**: 2 grupos.
- d) **4º ESO**: 2 grupos.
- e) **Educación Especial**: 1 agrupamento.
- f) **1º Bacharelato**: 4 grupos.
- g) **2º Bacharelato**: 4 grupos.

En total o IES conta cuns 460 alumnos, aínda que esta cifra pode variar lixeiramente de ano en ano.

B. MATRÍCULA E RECLAMACIÓNS.

4. Como podo matricular os meus fillos/as no IES Praia Barraña?

O proceso de matriculación consta de dúas fases diferentes que están determinadas pola Administración e son as seguintes:

- a) **Primeira fase**: abrangue do **01 ao 15 de febreiro** e consiste en facer efectiva a reserva de praza no IES. Hai que ter en conta que se o alumnado xa forma parte do IES **non ten que facer nada** porque xa ten a praza reservada, pero se o alumno/a inicia nova etapa educativa e procede doutro centro si debe facer a reserva neste período. De non facelo en tempo e forma podería perder o seu dereito a praza no IES. Esta reserva **debe facerse no centro de adscrición**, é dicir, no centro do que procede e non no IES Praia Barraña.

No caso concreto do noso Centro os centros adscritos son o **CEIP Praia Xardín** e o **IES A Cachada**. Polo tanto, o alumnado de **6º de Primaria** do colexio e o de **4º da ESO** do IES **deben participar neste proceso de reserva** de praza.

- b) **Segunda fase**: chamada fase de **admisión**, abrangue do **01 ao 20 de marzo** de cada ano, e durante este período todo aquel alumnado non adscrito ao Centro pode solicitar praza no IES Praia Barraña. En caso de habela poderá formalizar a súa matrícula no Centro pero, de non ser así, esa solicitude terá que derivarse á **Comisión de Escolarización**, a cal será a responsable de decidir en que centro escolar debe matricularse finalmente o alumno/a.



De todo o proceso de admisión (prazos, número de vacantes, formas de presentación de solicitudes, impresos, etc) publicarase información na [páxina web](#) do IES Praia Barraña e tamén se poderá solicitar na Secretaría do Centro.

5. Cando podo matricular aos meus fillos/as no IES Praia Barraña?

Deberei estar atento á información trasladada por parte do Equipo Directivo de cales son os días de matrícula no Centro. As datas exactas varían de ano en ano en función do calendario escolar pero, en calquera caso, debo recordar os seguintes momentos.

- a) **Finais de xuño / principios de xullo:** realizarase a matrícula de todo aquel alumnado que tivese todas as materias do curso actual aprobadas.
- b) **Principios de setembro:** matricularase todo aquel alumnado que tivese que realizar probas de recuperación de materias na convocatoria extraordinaria de setembro. Estas datas de setembro serán inmediatamente posteriores á realización dos exames de setembro.

Debo saber que, normalmente, no IES Praia Barraña o proceso de matriculación de alumnado dura dous días e cada unha das datas resérvase para un tipo de ensinanza, é dicir, nun día matricúlase o alumnado da ESO e no outro o de Bacharelato.

6. De que maneira e que documentación debo entregar cando faga efectiva a matrícula dos meus fillos/as no IES?

O procedemento que debo seguir para matricular os meus fillos/as no IES Praia Barraña así como a documentación que debo presentar aparece descrito nas páxinas 37 a 30 da [Normas de Organización e Funcionamento](#) do Centro (NOFC) e a el me debo ater.



7. No momento da matrícula estou obrigado/a a manifestar se estou separado/a ou divorciado/a?

Si é obrigatorio manifestar esta situación para que o Centro poida actuar en consecuencia segundo a normativa vixente respecto aos dereitos dos proxenitores non custodios de recibir información sobre a formación dos seus fillos.

No caso de non facelo poderei quedar exposto ás consecuencias legais que se deriven da miña mala actuación co/a outro/a proxenitor/a e co Centro.

8. Podo, en caso de desconformidade, reclamar unha nota obtida polos meus fillos/as?

Si que podo presentar reclamación contra unha nota obtida nunha determinada materia e coa que non estou de acordo. Neste suposto debo seguir o procedemento especificado nas **páxinas 48 e 49** das **[Normas de Organización e Funcionamento](#)**. Este procedemento enténdese que é operativo para as reclamacións contra as cualificacións obtidas na avaliación final ordinaria e non para as da 1ª ou 2ª avaliación.

No caso de que a reclamación a faga contra unha nota obtida nalgunha materia de 2º de Bacharelato deberei ter en conta o procedemento e prazos establecidos pola Consellería de Educación e que serán publicitados, coa debida antelación, na páxina web do instituto.

9. En caso de solicitala, podo obter copia dalgún exame feito polos meus fillos/as?

Si que podo obter copia dos exames e traballos feitos polos meus fillos sempre que cubra o formulario proporcionado polo Centro e cumpra estritamente os compromisos que ese documento contén.



O **procedemento** para obter copia das producións feitas polos meus fillos é simple:

- a) Solicitarei cita co titor/a dos meus fillos/as.
- b) Na reunión revisarei co docente os exames ou traballos que se lle solicitasen.
- c) Solicitareille ao titor/a copia dos exames ou traballos.
- d) Cubrirei o formulario proporcionado polo Centro.
- e) Cumprirei os compromisos establecidos polo Centro, de conformidade coa lexislación vixente, no formulario de petición de exames/traballos.

C. OFERTA DE ACTIVIDADES NO IES.

10. Que outras actividades, ademais das lectivas, oferta o Centro ao alumnado?

Outras actividades que forman parte da oferta do IES Praia Barraña son as seguintes:

- a) **Recreativos**: actividades lúdico – deportivas e culturais coas que o alumnado do IES pode entreterse durante os períodos de lecer (competicións deportivas, bailes, actividades de lóxica, de debate ou de cultura visual e audiovisual, musicoterapia...)
- b) **Ecobanda**: actividades pensadas para o alumnado e desenvolvidas por eles mesmos para concienciarlos do valor da ecoloxía e do respecto ao medio ambiente.
- c) **Que gusto de clase!**: concurso para os alumnos máis pequenos onde se lles concencia da necesidade de manter en orde e limpas as súas propias aulas e a través do cal, mensualmente, poden recibir un premio.
- d) **Ubuntu**: un programa de mediación no que tanto alumnos como profesores poden participar e contribuir ao sostemento e mellora dun bo clima de convivencia no IES.
- e) **A Leonera**: actividade coa que os responsables de Biblioteca pretenden fomentar participación do alumnado na xestión e mellora da biblioteca escolar.
- f) **Somos X**: programa de alumnado voluntario que conforma un Observatorio de condutas discriminatorias por razón de sexo, sexualidade e orientación sexual e que contribúen a corrixir.



- g) **Contratos - Programa:** accións educativas enfocadas a mellorar a formación do alumnado, que se realizan en horario de tarde, e a excelencia educativa. Concretamente estanse a desenvolver actividades de reforzo educativo (PROA), de mellora da convivencia e accións que melloren a calidade educativa.
- h) **Erasmus +:** acción educativa baseada na realización de asociación escolares estratéxicas entre centros educativos de diferentes países. O Centro ten participado no pasado en diversos intercambios escolares e na actualidade sigue sendo partícipe destes programas da Unión Europea.
- i) **Viaxes culturais:** realízanse anualmente, de acordo coa programación de actividades complementarias e extraescolares, diferentes viaxes dentro e fóra da nosa xeografía. Especial importancia teñen a viaxe de fin de estudos do alumnado de 4º da ESO, a viaxe a Londres dos alumnos de 3º da ESO e a semana de esquí a cal asiste anualmente alumnado de 1º de Bacharelato.
- j) **Programas de vida saudable:** dende o IES téntase potenciar e fomentar hábitos de vida e alimentación saudable e por ese motivo non soamente se realizan actividades vinculadas con este obxectivo senón que tamén se potencian materias optativas que pretenden asentar estes bos hábitos: Vida Saudable (1º ESO), Saúde e Calidade de Vida (1º Bacharelato) e Ciencias da Actividade Física (2º Bacharelato)
- k) **Actividades complementarias do eido cultural e formativo:** encontros con escritores, asistencia a obras teatrais, obradoiros, exposicións, xornadas de novela negra, participación en certames científicos e artísticos, conferencias de profesores universitarios para a orientación universitaria, etc.

11. Como podo informarme sobre as actividades do IES e o funcionamento do Centro en xeral?

Podo informarme das diferentes actividades, programas, procedementos, eleccións a Consello Escolar, cursos específicos, encontros ou reunións convocadas polo IES Praia Barraña ou sobre o funcionamento do Centro a través de varias canles:



- a) **[Páxina web](#)** do Centro: nela irase actualizando frecuentemente toda a información relevante para a Comunidade Educativa tanto na portada da páxina como nos apartados específicos orientados a cada sector. Así mesmo, é importante coñecer que as actividades complementarias e extracurriculares así como outras actividades semellantes iranse publicando nun **[calendario específico](#)**.
- b) **Teléfono do IES:** 881 866 601. **Fax do IES:** 881 866 609.
- c) **ABALARMÓBIL:** a través desta **[aplicación](#)** poderán coñecer as faltas dos seus fillos e fillas así como recibir mensaxes relevantes do Equipo Directivo.
- d) **Circulares específicas do Equipo Directivo.**
- e) Achegándose ao instituto e solicitando información na Secretaría.
- f) Achegándose ao IES e solicitando información ao Equipo Directivo. Recoméndase facer unha **[comunicación previa co Centro](#)** para coñecer a dispoñibilidade dos membros do Equipo Directivo e concertar unha cita con aquel membro do equipo co que precise falar.
- g) Escribindo un correo electrónico ao seguinte enderezo:

ies.praia.barrana@edu.xunta.es

12. Podo participar na vida do Centro? Como podo facelo?

Por suposto que podo participar na vida e actividades do IES sempre que queira. Para iso debo informarme das actividades desenvolvidas polo IES Praia Barraña a través da **[páxina web](#)**, acudindo ás instalacións para solicitar información sobre as mesmas, lendo as **[mensaxes](#)** enviadas polo Equipo Directivo a través do **ABALARMÓBIL** ou de **[circulares](#)** específicas e **PARTICIPANDO** activamente nas devanditas actividades xunto cos meus fillos/as.

Ademais, teño a posibilidade de participar máis activamente no funcionamento do IES formando parte do **[Consello Escolar](#)**, o cal se renova parcialmente cada dous anos, ou formando parte da **[ANPA](#)** do Centro.

Para seguir o procedemento de renovación do Consello Escolar poderei empregar a páxina web do IES onde estará publicada toda información relevante.



13. Que é o Espazo Familias Boiro?

O **Espazo Familias Boiro** xorde da necesidade sentida polas comunidades escolares dos distintos centros do Concello de promover **novos espazos e tempos para o diálogo e a reflexión educativa** entre dous axentes claves: a Familia e a Escola. Entendemos que é moi importante coordinarnos para brindarlle ás diferentes familias a posibilidade de participar e compartir actividades formativas que lles faciliten os coñecementos, as estratexias, os instrumentos e o apoio para facer fronte aos novos desafíos educativos da sociedade actual.

Espazo Familias Boiro nace cun carácter preventivo ao servizo da comunidade onde a participación directa e o diálogo permitiranos programar actividades con diferentes pedagogías dirixidas por especialistas que darán repostas ás necesidades e inquietudes compartidas entre as distintas nais e pais e/ou responsables legais dos diferentes centros escolares

D. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

14. Poden empregar os meus fillos e fillas o servizo de transporte escolar?

Si, sempre que sexan alumnos ou alumnas da ESO e teñan dereito a praza escolar no noso instituto porque proceden do Colexio Praia Xardín, que é o centro adscrito.

No caso de que o meu fillo ou filla sexa admitido no IES Praia Barraña, pero proceda doutro centro diferente **NON TEN DEREITO** ao transporte, tanto se é de ESO como de Bacharelato.

De tódolos xeitos, se o meu fillo ou filla non ten dereito ao uso do transporte escolar poderá, **no momento da matrícula**, presentar na Secretaría do Centro unha solicitude de transporte excepcional que será resolvida nos prazos legalmente establecidos en **sentido afirmativo ou NON**, dependendo de que existan prazas vacantes nas rutas de transporte escolar asignadas ao noso IES e tamén ao IES A Cachada.



O alumnado de Bacharelato non ten en ningún caso dereito de uso gratuíto a transporte escolar.

15. Existe servizo de comedor para o alumnado os martes?

Non, con carácter xeral, pero aquel alumnado que, pola distancia do Centro ás súas casas non lles dese tempo a acudir á casa para xantar, poderá facer unha **solicitude extraordinaria** de uso do comedor do Colexio Praia Xardín.

E. LIBROS DE TEXTO.

16. Teñen dereito os meus fillos á gratuidade dos libros de texto?

Depende, deberei informarme dos requisitos establecidos pola Consellería a través da Secretaría ou da [páxina web do IES Praia Barraña](#), onde estará disponible e publicada toda a información do procedemento.

17. Como fago a solicitude dos libros de texto e das axudas para material escolar?

- a. Empregando a solicitude que, a tal efecto, me entregarán na **Secretaría** do IES.
- b. A través da **sede electrónica** da Xunta de Galicia.
- c. Descargando a solicitude dende a **páxina web** do Centro e **entregándoa** na Secretaría do instituto.

Os requisitos que debo cumprir para poder facer a solicitude tereinos dispoñibles na Secretaría e na [páxina web](#) do IES.



18. Cando lle entregará o Centro os libros aos meus fillos?

A través da **Vicedirección** do Centro faráselle entrega dos libros de texto aos meus fillos/as nos primeiros días de curso.

Esta entrega farase de maneira ordenada e progresiva dende o 1º curso da ESO ata 4º curso da ESO.

Aos meus fillos daráselles información detallada do proceso e serán acompañados en todo momento por algún outro membro do Equipo Directivo, ademais da Vicedirección.

Cando os meus fillos recollan os seus libros cubrirán unha folla de datos que identificarán eses libros recibidos como propiedade dos meus fillos/as durante ese curso académico e na que se recollerá tamén o estado no que se entregan os libros.

18. Cando deben devolver os libros de texto os meus fillos?

Os días de devolución dos libros de texto dependerá das seguintes situacións:

- **Os meus fillos/ fillas aproban tódalas materias en xuño:** deberán entregar, seguindo o mesmo procedemento establecido na pregunta anterior, **nos últimos días de curso (mes de xuño)**, de acordo co calendario que a Vicedirección do Centro estableza, os libros de texto que lle foran entregados ao inicio do curso.
- **Os meus fillos/ fillas teñen materias pendentes para setembro:** deberán entregar nos **primeiros días de setembro**, unha vez feitos os exames de recuperación e de acordo co calendario que a Vicedirección do Centro estableza, **SO** os libros de texto das **materias das que se examinou** na convocatoria extraordinaria (setembro) **Todas aquelas materias que tivese aprobadas en xuño, e nas que lle foran entregados libros de texto por parte do Centro, deberá entregalos en xuño consonte o procedemento do punto anterior.**



Durante o proceso de devolución de libros de texto tamén se lles dará información detallada do procedemento e serán acompañados en todo momento polo profesorado titor e/ou algún membro do Equipo Directivo, ademais da Vicedirección.

19. Podo perder o dereito á gratuidade dos libros de texto?

Si, nos seguintes supostos:

- a. Cando non devolva algúns dos libros de texto (ou todos) que o Centro lle entregou aos meus fillos/as a principios de curso.
- b. Cando devolva algún dos libros en mal estado e me negue a repoñer o material deteriorado.
- c. Cando cambie ao meu fillo/a de Centro e non devolva os libros no centro base tampouco terei dereito a eles no novo IES.

20. Podo facer doazón de libros de texto mercados aos meus fillos/as ao Centro?

Por suposto, eses libros doados xenerosamente serán empregados polo Centro para asignarllos a aqueloutro alumnado que poida presentar dificultades para a adquisición deste material escolar.

O IES, **consonte aos criterios legais establecidos e con equidade** fará a redistribución destes libros de texto entre o alumnado que o necesite, a principios de curso.



F. DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS.

21. Cales son os dereitos e deberes do alumnado e das familias?

Os dereitos e deberes do alumnado do IES Praia Barraña aparecen recollidos nas páxinas 21 a 24 das [Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia](#) do Centro.

Por outra banda, as [NOFC](#) do IES recollen tamén os dereitos e deberes das familias do alumnado nas páxinas 31 a 34.

22. Poden os meus fillos/as saír do Centro nos períodos de lecer?

Non pode saír do recinto escolar durante os recreos ningún alumno ou alumna que sexa menor de idade, **especialmente** todo aquel alumnado que estea cursando a ESO.

No caso de incumprimento da norma actuarase segundo as [Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia](#) do IES.

G. COMUNICACIÓN CO PROFESORADO.

23. Como fago para solicitar unha cita co profesorado ou co titor/a da meu fillo/a?

Podo solicitar unha cita cun profesor/a ou titor/a concreto/a de varias empregando algún dos seguintes medios:

- a) Por **vía telefónica** chamando ao **881 866 601** e concertando a cita.
- b) Por medio da aplicación [ABALARMÓBIL](#), sempre e cando o titor/a teña operativa esta opción no seu Espazo Abalar.



- c) A través do seu fillo/a mediante **unha mensaxe** ao profesor/a ou empregando o espazo específico da **axenda escolar** que o Centro lles entrega a principios de curso e esperando a resposta do/a docente.

En calquera caso, a solicitude de cita debe respectar, agás acordo específico entre proxenitor/a e docente, as horas de atención a familias que se determinen ao inicio de curso de acordo cos horarios persoais dos profesores e que serán públicas na **páxina web** do IES.

H. FALTAS DE ASISTENCIA DO ALUMNADO.

24. Como fago para xustificar as faltas de asistencia dos meus fillos?

En caso de ter que xustificar algunha ausencia dos meus fillos/as podereino facer das seguintes maneiras:

- A través do aplicativo **ABALARMÓBIL**.
- Empregando os **formularios** dispoñibles na Conserxería e na **páxina web** do IES e entregándollos ao titor ou titora dos seus fillos/as por medio deles/as.

En calquera dos dous casos a xustificación da falta irá acompañada da **debida xustificación documental** (certificación médica, certificación do órgano competente ao que se teña que acudir, etc) que lle permita ao titor ou titora poder xustificar esa falta. De non ir acompañado o formulario pola xustificación documental axeitada a falta non poderá ser xustificada.

Ao respecto debo saber tamén que as inasistencias á clase dos meus fillos por motivos tales como non participar nunha actividade complementaria, non asistir á clase estando dentro do centro ou as non contempladas na normativa actual (protocolo de absentismo) non terán en ningún caso a condición de falta xustificada polo profesorado titor.



I. SUXESTIÓNS E QUEIXAS.

25. Como podo facer unha suxestión ou presentar unha queixa?

O procedemento para facer unha suxestión ou presentar unha queixa é moi doado. So terei que seguir os pasos establecidos nas [páxinas 65 e 66](#) das [NOFC](#) do IES Praia Barraña.

K. BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO. CONVOCATORIAS

26. Existen bolsas e axudas ao estudo ás que poden acceder os meus fillos/as?

Si, son convocadas anualmente polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e a elas poden acceder os meus fillos se están **cursando Bacharelato** e cumpren os requisitos establecidos pola Administración.

Entre **mediados do mes de agosto e inicios de outubro** poderei solicitar estas axudas e bolsas a través da sede electrónica do Ministerio.

De todo este procedemento terei a posibilidade de informarme consultando a [páxina web](#) do IES Praia Barraña ou acudindo directamente á Secretaría do IES.

27. Informarame o IES das convocatorias de interese para os meus fillos/as?

Si, para iso deberei consultar frecuentemente a sección de novas nos apartados de [Taboleiro](#), [Familias](#) e [Alumnado](#) da páxina web do Centro.



Nestas seccións da páxina web poderei informarme de cursos de formación, convocatorias ou accións educativas enfocadas tanto a min como pai/nai como aos meus fillos/as.



L. LIGAZÓNS DE INTERESE.

- [ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.](#)
- [ACTIVIDADES DE CONVIVENCIA.](#)
- [AVALIACIÓN DE PENDENTES.](#)
- [BARRAÑA DEPORTIVA.](#)
- [BIBLIOTECA.](#)
- [CALENDARIO ESCOLAR.](#)
- [CONVOCATORIAS.](#)
- [DATOS ANPA.](#)
- [DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.](#)
- [ERASMUS +.](#)
- [HORARIO DO CENTRO.](#)
- [INFORMACIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS.](#)
- [LIBROS DE TEXTO.](#)
- [NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.](#)
- [OFERTA FORMATIVA.](#)
- [PLAN DE CONVIVENCIA.](#)
- [PLANS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.](#)
- [PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.](#)
- [PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.](#)
- [REVISTA DO CENTRO: A PALAVRA PERDUDA.](#)